



Teaching Guide				
Identifying Data				2022/23
Subject (*)	Medieval Latin Culture	Code	613G02033	
Study programme	Grao en Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descriptors				
Cycle	Period	Year	Type	Credits
Graduate	2nd four-month period	Third	Optional	4.5
Language	Galician			
Teaching method	Face-to-face			
Prerequisites				
Department	Letras			
Coordinador	Ferraces Rodriguez, Arsenio	E-mail	a.ferraces@udc.es	
Lecturers	Ferraces Rodriguez, Arsenio	E-mail	a.ferraces@udc.es	
Web	https://coruna.academia.edu/AFerracesRodriguez/			
General description	Estudo de diversos aspectos do sistema literario e cultural da Idade Media latina, con especial atención á produción do texto, á transmisión do saber e ó mundo que os textos reflexan. Dada a pertencencia da materia ao Grado en galego e portugués, será obxecto de atención preferente a relación entre a cultura latina da Idade Media e a galego-portuguesa.			

Study programme competences	
Code	Study programme competences
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A13	Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina.
A16	Coñecer a crítica textual e a edición de textos.
A29	Ter coñecementos de terminoloxía e neoloxía.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.

Learning outcomes			
Learning outcomes		Study programme competences	
Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria no campo dos estudos latinos medievais	A1		
	A29		
Saber analizar e comentar textos literarios e non literarios latinos da Idade Media utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		
	A16		
Coñecer a lingua, a literatura e a cultura latina da Idade Media.	A11		
	A13		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información especializados no campo dos estudos latinos medievais.		B1	
		B3	
Adquirir capacidade de autoformación no campo dos estudos latinos medievais.		B6	
		B5	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas, particularmente a historia das literaturas medievais vernáculas.		B5	
		B7	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento, de exercer o pensamento crítico e apreciar a diversidade cultural.		B7	
		B8	



Contents	
Topic	Sub-topic
1. Cuestións preliminares.	1.1. Cuestións de concepto: obxetivos e límites da materia. 1.2. Periodización da literatura latina medieval. 1.3. O latín medieval: características básicas. 1.4. Características da produción e difusión literaria medieval.
2. A literatura na Gallaecia tardoantiga	2.1. Os séculos IV-V: panorama xeral 2.2. Paulo Orosio 2.3. Hidacio de Chaves 2.4. Palabras e cousas: estudio de realia particulares
3. A literatura na Gallaecia do século VI	3.1. O século VI: panorama xeneral 3.2. Martín de Braga, De correctione rusticorum 3.3. Supersticións de tipo popular
4. Os séculos VII-IX	4.1. Os séculos VII-IX: panorama de autores e obras 4.2. As Etymologiae de Isidoro de Sevilla 4.3. A transmisión do saber: Isidoro como axente transmisor entre a Antigüidade e a Edade Media
5. Séculos XI-XII	5.1. Panorama xeneral 5.2. O Liber Sancti Iacobi 5.3. A Vida de San Rosendo de Celanova

Planning				
Methodologies / tests	Competencies	Ordinary class hours	Student?s personal work hours	Total hours
Collaborative learning	A2 A16	14.5	18.5	33
Supervised projects	A11 B6	0	16.5	16.5
Workbook	B1 B3 B8	0	30	30
Document analysis	A1 A2 A29	0	15	15
Mixed objective/subjective test	B5 B7	2	0	2
Guest lecture / keynote speech	A13	15	0	15
Personalized attention		1	0	1

(*)The information in the planning table is for guidance only and does not take into account the heterogeneity of the students.

Methodologies	
Methodologies	Description
Collaborative learning	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicacións, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Supervised projects	Pequenos traballos que se irán indicando ao longo do curso relativos aos temas de aprendizaxe colaborativa, onde o alumno terá que demostrar a asimilación de conceptos, manexo da bibliografía e/ou aplicación dunha metodoloxía concreta.
Workbook	Lectura dos manuais, artigos e monografías que se indiquen para cada tema, así como dos materiais que se poñan a disposición do alumnos a través da plataforma de teleformación.
Document analysis	Análise dos textos medievais que se comentarán especialmente nas sesións maxistras e de aprendizaxe colaborativa. Indicaranse ao longo do curso os textos e as traducións recomendadas.
Mixed objective/subjective test	Proba que integra preguntas tipo de probas de ensaio e preguntas tipo de probas obxectivas sobre contidos do programa.



Guest lecture / keynote speech	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
--------------------------------	--

Personalized attention

Methodologies	Description
Supervised projects	Os traballos estarán relacionados cos temas destinados á aprendizaxe colaborativa. Consistirán en comentarios de textos, recensións de artigos, aplicacións de métodos de análise ou outras actividades puntuais que se consideren proveitosas para a autoaprendizaxe do alumno. O profesor fará un seguimento destes traballos e atenderá dúbidas sobre os mesmos no horario de titorías ou previa cita co alumno.

Assessment

Methodologies	Competencies	Description	Qualification
Guest lecture / keynote speech	A13	Asistencia ás aulas. Para obter a puntuación deste apartado é necesario que o alumno asista como mínimo ó 70 % das sesións.	10
Collaborative learning	A2 A16	Os diversos exercicios de análise e comentario de textos faranse en sesións presenciais de carácter práctico e con dinámica de grupo. Valorarase tanto a asistencia a estas sesións como a participación activa de cada estudante no desenvolvemento das mesmas. Poderá pedirse a ulterior presentación por escrito dalgúns destes exercicios en forma de breve comentario dun texto, resolución dun test etc.	15
Supervised projects	A11 B6	Valorarase sobre todo o rigor da análise e a capacidade de síntese, mais tamén a orixinalidade dos enfoques, así como a corrección da expresión escrita e a eficacia da presentación oral. A presentación deste traballo terá carácter obrigatorio para superar a materia.	25
Mixed objective/subjective test	B5 B7	Proba escrita individual, que se efectuará a final de curso a propósito dos diversos contidos desenvolvidos tanto nas sesións expositivas coma nas sesións de carácter práctico. Valorarase sobre todo a capacidade crítica, a capacidade de extraer información a partir dos textos dos autores, a de relacionar uns autores con outros e a claridade dos conceptos. A expresión ha de ser correcta e a redacción clara. Os textos propostos para a proba, na lingua orixinal ou en tradución, según a cuestión a tratar, serán de similar dificultade ca os que teñan sido comentados e estudiados na aula. A proba terá unha duración de dúas horas. Ningún alumno poderá abandonar a aula ata que a totalidade dos seus compañeiros finalicen a proba e entreguen o exame. Requerirase unha cualificación mínima de 5 sobre 10 para dar por superada esta proba.	50

Assessment comments

O alumnado que non superar a materia na primeira oportunidade, terá unha segunda no mes de xullo. Nesta segunda oportunidade, deberán ser presentadas/realizadas as actividades e/ou probas non superadas ou non presentadas anteriormente.

Os/as estudantes que, por teren dispensa académica, non asistan ás sesións maxistras e prácticas deberán preparar pola súa conta os traballos e actividades programados para a avaliación da materia. A cualificación ponderada será: 50% (traballos); 50% (proba final)

Os estudantes recibirán a cualificación de Non Presentado en caso de non asistiren ás probas finais das oportunidades de maio e xullo.

Sources of information



Basic	<ul style="list-style-type: none">- Amado, T. (). Estudos Clásicos e Bibliografía: http://www.gfc-usc.org/?q=es/node/98.- Cavallo, G.-Leonardi, C.-Menestò, E. (eds.) (1993-). Lo spazio letterario del Medioevo. 1. Il Medioevo latino. Roma- Curtius, E. R. (1955). Literatura europea y Edad Media latina. México-Madrid-Buenos Aires- Díaz y Díaz, M. (1985). Visiones del más allá en Galicia durante la Alta Edad Media. Santiago de Compostela- Dronke, P. (1968). Medieval Latin and the Rise of European Love-Lyric. Oxford- Dronke, P. (1995). La lírica en la Edad Media. Barcelona- Genicot, L. (dir.) (1972-). Typologie des sources du Moyen Âge occidental. Turnhout- Leonardi, C. (ed.) (2002). Letteratura latina medievale (secoli VI-XV). Un manuale. Firenze- López Díaz, X. (trad.) (2013). Códice Calixtino. O liber Sancti Iacobi en galego. Santiago de Compostela- López Pereira, J.E. (1989). O primeiro despertar cultural de Galicia: cultura e literatura nos séculos IV e V. Saantiago de Compostela- Moralejo Álvarez, J.L. (1980). "Literatura hispano latina", en: Historia de las literaturas hispánicas no castellanas, pp. 15-137. Madrid- Moralejo Álvarez, J. L. (2002). La poesía latina medieval: apuntes para una clasificación genérica. León- (). Bibliotheca Augustana &lt;http://www.fh-augsburg.de/~harsch/a_alpha.html&gt;.- (). Latin Library &lt;http://www.thelatinlibrary.com/&gt;.
Complementary	A bibliografía complementaria indicárase con cada tema

Recommendations

Subjects that it is recommended to have taken before

Subjects that are recommended to be taken simultaneously

Subjects that continue the syllabus

Other comments

(*)The teaching guide is the document in which the URV publishes the information about all its courses. It is a public document and cannot be modified. Only in exceptional cases can it be revised by the competent agent or duly revised so that it is in line with current legislation.